

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José  
Caparrini Marín, Natalia  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier  
Rubio Armesto, Belén  
Sánchez Moreiras, Adela María  
Valderrama Santomé, Mónica  
**DECANOS/DIRECTORES**  
Álvarez González, Susana  
Bajo Palacio, Ignacio  
Cruz González, María Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fariña Rodríguez, José  
Formella, Arno  
Lorenzo González, María de las Nieves  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Río Otero, Coral del  
Soto González, María Mercedes  
Torres Romay, Emma

### PDI-A

Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Arévalo Tomé, Raquel  
Durán Barbosa, Rafael  
López Mira, Álvaro Xosé  
Montero Reguera, José Francisco  
Paz Penín, María Concepción  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Romo Pérez, Vicente  
Rúas Araújo, José  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé  
Barreiro Rodríguez-Moldes, M<sup>a</sup> Covadonga

### ESTUDANTES

González González, Jaime  
Lima González, Estela  
Redondo Cervantes, Montserrat  
Rodríguez Pousa, Estela

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos  
**CONSELLO SOCIAL**

Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Cidrás Piqué, José  
Cuevas Alonso, Miguel  
Rodríguez Domínguez, María del Mar  
Ruiz Hidalgo, María del Carmen  
Santos Grandal, Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 12 de marzo de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 12 de marzo de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2025/2026.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2025/2026.
5. Aprobación, se procede, das modificacións na “Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, ás categorías de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo”.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/26.
7. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2025.
8. Quenda de intervencións.

## 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2025.

O reitor pide que se aprrobe por asentimento, despois da incorporación das correccións enviadas.

Apróbase por asentimento.

## 2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- UNISF 2.0.
- Rede CIGUS.
- Presentado o informe de inserción laboral do Consello Social.
- Titulación de dereito na UIE. A inqueda co título de dereito que se imparta na Universidade Privada ten que ver co feito de que cren que as titulacións de dereito que se imparten no Sistema Universitario Público Galego chegan ben para cubrir a demanda en Galicia. Houbo xuntanza cos decanos e decanas das facultades a nivel galego, para asegurarlles que o voto das tres universidades públicas galegas será negativo cando chegue este asunto ao Consello Galego de Universidades. Xa está en marcha un borrador de recurso para mostrar o malestar dos reitores galegos con esta futura implantación. Non están en contra de que existan universidades privadas, pero si en contra de que impartan títulos repetidos, como xa recolle a lei galega de universidades.
- Acordos transformativos. Desacordo con ELSEVIER.
- Computación cuántica, negociando acordo co CESGA.
- CRUE de marzo. Proxecto de transferencia e impacto social.
- Pedimento de consolidación do sexenio de transferencia.
- Avances en COARA.
- GALTIA: Fundación Galega de Atracción de Talento Investigador de Alto Nivel. A fundación é totalmente pública. Hai debate sobre se van a permitir a entrada das Universidades, polo de agora somos usuarios, e tamén están valorando a posibilidade de aceptar inversión privada.

Contexto: Plan de I+D+I. Está dirixida á captación e retención de talento. Relacionado co Programa Oportunius.

Obxectivos: Captar investigadores de máximo prestixio internacional. Reforzar as áreas de especialización da ciencia galega. Xerar un efecto multiplicador sobre a I+D+i da Comunidade. Posicionar Galicia como un destino atractivo para investigar.

Profesionais destinatarios: 30 científicos (arranque período 2026-2030).

Orzamento: + 35 Millóns de Euros, previsión inicial para o período 2026-2030 suxeita a incremento. Destinado aos contratos de investigación e labores de captación.

Beneficios para o investigador: Contrato de alto nivel para traballar en Galicia. Axuda para liña de investigación en equipo. Paquete completo de acollida e acompañamento, e incentivos de promoción.

Beneficios para a ciencia galega: Efecto tractor na captación de máis talento investigador.

Reforzo das iniciativas de alta especialización en marcha. Contribución á xeración de coñecemento de máximo nivel. Capacidade de competir en convocatorias de financiamento.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro para preguntar sobre o posible encaixe destes científicos e evitar problemas. Que quede claro desde o principio en que grupo de investigación están, se poden pedir proxectos en nome da universidade ou non. Entende que as institucións estarán negociando convenios con Galtia para que quede claro en calidade de que veñen eses investigadores, o seu futuro e o do seu grupo; xa que se comeza a contratar xente, a quen pertencen?, a Galtia, as Universidades,

aos centros? O mellor é pedir unha aclaración de todas esas circunstancias que logo poden traer problemas.

O reitor responde que ás veces aos investigadores do programa Oportunius se lles poñen problemas. Imos traballar para que teñan o recoñecemento que merecen, para que poidan ser considerados como nosos e estean integrados na Universidade de Vigo.

### **3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2025/2026.**

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que a documentación a recibiron todas as persoas que conforman o Consello de Goberno. Hai que corrixir un erro, indicado por Arno Formella, xa que o día 11 de decembro de 2025 non será venres senón xoves.

Apróbase por asentimento.

Intervén o director da Escola de Enxeñaría Industrial, José Fariña, para solicitar o cambio dun día que eles teñen como non lectivo, pola festa do Patrón. O reitor responde que non hai problema en adaptar o calendario académico.

### **4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2025/2026.**

O reitor explica que é o mesmo calendario que remiten todos os anos, e que consta na documentación recibida por todos os membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

### **5. Aprobación, se procede, das modificacións na “Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, ás categorías de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo”.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta unha serie de modificacións na seguinte normativa:

#### **NORMA SEXTA: Constitución da comisión e desenvolvemento da fase de concurso:**

A orde de actuación dos/as aspirantes será a derivada da aplicación da Orde ministerial que fai pública, para cada ano, a letra pola que comezará a actuación de aspirantes nas probas selectivas.

No caso de prazas de Catedrático de Universidade, Titular de Universidade e Profesorado Permanente Laboral, a comisión fixará e publicará o lugar e hora do comezo da proba, a cal deberá iniciarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día do acto de presentación. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo máximo será de cinco (5) días hábiles.

No caso de prazas de Profesorado Axudante Doutor a lugar, data e hora do acto de defensa se establecerán consonte se dispón no punto seguinte.

4. A comisión, unha vez recibida toda a documentación achegada polas persoas aspirantes á praza, avaliará os méritos de cada un delas dacordo co baremo fixado pola mesma en base ás pautas recollidas nos Anexos I e II.

No caso das prazas a Profesorado Axudante Doutor, unha vez finalizada a avaliación de tódalas persoas aspirantes, a comisión fará pública a puntuación provisional recibida por cada unha delas, concedendo un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Revisadas as mesmas, publicará a puntuación definitiva, de xeito que serán emprazados ao acto de defensa a aqueles aspirantes que tiveran superado 60 puntos dos totais especificados no baremo (100 puntos) tendo en conta a puntuación ponderada, ou o que é o mesmo 54 sobre 90 dos méritos a avaliar.

No propio acto coas puntuacións definitivas e emprazamentos de candidatos e candidatas que superasen o antedito corte, a comisión fixará e publicará o lugar e hora do comezo da proba, a cal deberá iniciarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados dende o día de publicación das puntuacións definitivas obtidas na avaliación dos méritos. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo máximo será de cinco (5) días hábiles.

5. Nas prazas de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor, os actos de defensa realizaranse de xeito virtual a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo obrigatoriamente para os membros da comisión que non pertencen á Universidade de Vigo, e de xeito presencial para os/as candidatos/as e os/as membros da comisión que formen parte da Universidade de Vigo.

No caso das prazas de persoal funcionario (Catedrático de Universidade e Profesorado Titular), os actos de defensa poderán ser presenciais ou mixtos, tendo que estar sempre necesariamente presentes os/as candidatos/as e os/as membros da comisión que formen parte da Universidade de Vigo.

No caso de que tódolos/as membros da comisión sexan alleos/as á Universidade de Vigo, a dirección do Departamento ao que pertence a área de coñecemento pola que sae a praza, velará polo correcto desenvolvemento de todo o proceso de defensa e selección, tendo que estar presente no momento da defensa para asegurar a presencialidade dos candidatos/as.

Intervén Rosa Pérez para comentar que para ela é un pouco confusa unha parte da normativa.

Adela Sánchez Moreiras comenta que hai unha parte da normativa que di que o presidente e o suplente teñen que ser catedráticos, despois fálase dunha excepcionalidade polo que non teñen que ser catedráticos se non é posible, e despois hai unha situación tamén na que os 4 membros sorteables teñen que ser catedráticos preferentemente.

Rosa Pérez comenta que o que hai que entender é que Presidente ten que ser obrigatoriamente catedrático en calquera caso, que ten que haber suficientes persoas entre as que sortear, pero non se entende ben. Ela entendera que se os 4 membros non eran catedráticos poderían ser titulares, pero non é iso.

O reitor di que se pode incluír unha nota explicativa para entender mellor o contido.

Rosa Pérez está de acordo en que se inclúa unha nota que aclare o tema dos membros da comisión.

Adela comenta que como van facer unha nota aclaratoria tamén para os conflitos de interese, meterase tamén unha aclaración para que se entenda mellor o que comentou Rosa.

Rosa Pérez pregunta tamén, con respecto aos catedráticos, se existira unha verdadeira excepcionalidade de que non existiran catedráticos para unha praza, se pódense meter catedráticos de áreas afíns. Adela responde que se poderían meter catedráticos de áreas afíns.

Concepción Paz intervén para preguntar sobre o tema dos gastos nas prazas. Adela comenta que van facer unha instrución para poder facer fronte aos gastos derivados das prazas, pero cun límite de gastos.

Apróbase por asentimento.

## **6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/26.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica que a convocatoria é a mesma que a do ano anterior:

### Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/2026

Non hai modificación con respecto á convocatoria do curso anterior

- Prazo: ata o 28 de marzo de 2025.
- Criterios (mantéñense os mesmos do curso anterior):
  - 2 puntos por sexenio e 1 punto adicional se é un «sexenio vivo».
  - 1,5 puntos por quinquenio.
  - Cargos de xestión unipersoais:
    - Últimos 10 anos: valoración da ACSUG para os complementos.
    - Entre 10 e 20 anos: 75 % do anterior.
    - Máis de 20 anos: 50 % do anterior.

Os sindicatos non quixeron que se fixera ningunha modificación con respecto á normativa de sabáticos, aprobaron por unanimidade que quedase como estaba; o Docencia é un Manual, e a normativa está por riba dese Manual.

Apróbase por asentimento.

## **7. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2025.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta a seguinte convocatoria, con un incremento económico:

### Modalidade A - Promoción da investigación (160.000 €)

1. Contratos programa con grupos de investigación (80.000 €)
2. Preparación de proxectos internacionais de I+D+i (65.000 €)
3. Reparación de equipamento científico (15.000 €)

### Modalidade B – Reunións científicas (78.000 €)

1. Organización de congresos e reunións científicas (56.000 €)
2. Realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas (11.000 €)
3. Visita de investigadoras e investigadores (11.000 €)

Apróbase por asentimento.

### 8. Quenda de intervencións.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:55 h. do día 12 de marzo de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral